

Proxecto GCU Maris

GUÍA DO FORMULARIO DE SOLICITUDE

INTRODUCCIÓN

Conforme ao especificado no punto 7. **Inscripción** das bases da convocatoria 2022 do proxecto [GCU Maris](#), «o prazo para o envío das candidaturas finaliza o **5 de xuño de 2022**».

Ademais, de acordo co indicado, «este formulario deberá ser cumprimentado obrigatoriamente en liña e en inglés para que a candidatura sexa aceptada».

FORMULARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. INFORMACIÓN DO ALUMNADO

As preguntas 1-8 están orientadas a obter os datos necesarios do alumnado das universidades socias do GCU.

Pregunta 1 – Nome e apelidos

O nome e os apelidos indicados neste campo han de coincidir cos do documento de identidade ou pasaporte adxunto na solicitude.

Pregunta 2 – Documento de identidade ou pasaporte

O número do documento de nacional identidade ou pasaporte facilitado neste campo debe coincidir co do documento de identidade ou pasaporte adxunto na solicitude.

Pregunta 3 – Dirección de correo electrónico

A dirección de correo electrónico proporcionada neste campo será aquela á que o GCU dirixa as súas mensaxes, tanto para a revisión das solicitudes como para a comunicación de se a persoa candidata foi seleccionada para participar no proxecto ou recibir unha bolsa.

Pregunta 6 – Actualmente matriculado en...

O alumnado deberá elixir entre as opcións dispoñibles na listaxe despregable, aquela que mellor se axusta á formación na que está matriculado (grao, máster, programa de posgrao ou doutoramento) durante o curso académico 2021-2022.

Pregunta 7 – Área de estudos

O alumnado ha de indicar a área de estudos ao que pertence a formación na que está matriculado durante o curso académico 2021-2022. Por exemplo, grao de Administración e Dirección de Empresas, máster en Belas Artes, posgrao en Comunicación, etc...

Proxecto GCU Maris

GUÍA DO FORMULARIO DE SOLICITUDE

Pregunta 8 – Nota media

O alumnado ha de completar este campo coa nota media do expediente no momento da presentación da solicitude. A información aquí proporcionada ha de coincidir coa presente o documento que acheguen na súa solicitude.

2. BOLSAS

Pregunta 9 – ¿Estás solicitando unha bolsa?

Segundo o detallado no punto **6. Bolsas** das bases da convocatoria do proxecto, «o alumnado pertencente ás universidades públicas galegas, cuxa unidade familiar dispoña dun nivel de renda familiar inferior a 20.000 euros anuais, poderá optar a unha das tres bolsas destinadas a cubrir o custo total da actividade».

Por tanto, as candidaturas que non cumpran estes requisitos non poderán ser consideradas para a obtención destas axudas, mesmo se seleccionan a opción de que desexan solicitar unha.

3. DOCUMENTACIÓN

A documentación que ha de anexar o alumnado das universidades socias do GCU explícase no punto **7. Inscripción** das bases da convocatoria. Esta guía non ten por obxecto detallar dita documentación, polo que se recomenda ler con atención o punto anteriormente citado neste parágrafo.

A continuación, resolvemos algunhas das dúbidas máis frecuentes en relación a esta documentación.

Certificado de estudos

O GCU aceptará a presentación da documentación exposta seguidamente como proba de que se están cursando estudos nunha universidade socia durante o curso académico 2020-2021:

- Un certificado ou documento oficial expedido polos servizos administrativos da universidade socia do GCU na que está matriculado/a o/a estudante.
- Un resguardo da universidade socia que acredite o pago da matrícula dos estudos que está a realizar.
- Unha carta de apoio á candidatura emitida pola universidade de orixe do/a estudante.

Proxecto GCU Maris

GUÍA DO FORMULARIO DE SOLICITUDE

Certificado da nota media do expediente

O GCU aceptará a presentación da documentación exposta seguidamente como xustificante da nota media do expediente no momento da presentación da solicitude:

- Un certificado ou documento oficial expedido polos servizos administrativos da universidade socia do GCU na que está matriculado/a o/a estudante, no que figuren expresamente a nota media e o detalle das materias cursadas.
- Un resumo do expediente do/a estudante no que figuren expresamente a nota media e o detalle das materias cursadas. Os resumos descargados da sede electrónica das universidades socias do GCU serán válidos, a condición de que figuren os datos anteriormente sinalados.

En canto ao alumnado matriculado nos programas de doutoramento, neste caso deben achegar os xustificantes anteriormente detallados correspondentes aos estudos cursados inmediatamente antes da súa admisión neste.

Certificado do dominio da lingua española e/ou inglesa

O alumnado ha de presentar un certificado ou documento oficial que acredite coñecementos de inglés e español, oral e escrito. Mínimo B2 de acordo con Marco Común Europeo de Referencia para as linguas ou equivalente, se o español ou inglés non son a súa lingua materna

4. DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE

O padrón do modelo da declaración de responsabilidade do proxecto GCU Maris está dispoñible na páxina do programa na web do GCU. O nome, apelidos e o número do documento nacional de identidade ou pasaporte han de coincidir cos do documento escaneado achegado na solicitude. Ademais, esta declaración de responsabilidade debe datarse e asinarse.

O alumnado ten a opción de encher os campos do formulario en Word ou de fácelo manualmente, achegando despois un documento PDF con firma electrónica ou unha copia escaneada deste.

En canto á firma do documento, o GCU unicamente aceptará a firma manuscrita ou electrónica do documento. É dicir, por exemplo, non se considerarán válidos os PDF ou documentos escaneados nos que se pegou unha imaxe coa firma. Tampouco se admitirán aqueles en os que se asinou na pantalla dunha tableta ou algún dispositivo electrónico similar.